

ACORDO DE 12 DE XUÑO DE 2025 DO COMITÉ EXECUTIVO DA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, M.P., POLO QUE SE CONVOCA PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DA DIRECCIÓN E COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA E SE APROBAN AS BASES REGULADORAS.

A Fundación USC é unha entidade de natureza fundacional, de interese galego, con personalidade xurídica propia, medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que ten como finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da USC, e que como tal así está recoñecido no artigo 3 dos Estatutos da Fundación.

Entre os fins da Fundación USC están: «prestar os servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio da función de autoridade», «colaborar coa USC no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria», «promover a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade na súa contorna económica, social, cultural», así como «fomentar, promover e xestionar actividades relacionadas coa extensión universitaria por si mesma ou en colaboración con outras institucións», segundo prevé o artigo 6 do Título II, «obxecto da Fundación», dos seus Estatutos.

O artigo 7, que establece as actividades fundacionais, prevé que «para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior a Fundación poderá levar a cabo, con carácter enunciativo e non limitativo, as seguintes actividades: i) Xestionar os servizos relacionados coas operacións e funcionamento dos edificios e infraestruturas da Universidade de Santiago de Compostela así como a súa explotación ou uso».

A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución con preto de trinta mil membros que conforman a comunidade universitaria, que conta con máis de oitenta infraestruturas, entre centros docentes e de investigación así como edificios administrativos, e celebra múltiples actos, eventos, xornadas, nos que se precisa que a dirección e coordinación de seguridade sexan garantidas cun control inmediato e directo. Sen prexuízo da posibilidade da externalización da prestación do servizo de seguridade, considérase que a forma máis eficaz e eficiente de canalizar a dirección e a coordinación da vixilancia e seguridade na Universidade de Santiago de Compostela, é a través dun control directo que se garante a través da contratación dun director ou directora e dun subdirector ou subdirectora do servizo.

As funcións a desempeñar pola persoa que exerza a dirección dos servizos de seguridade e vixilancia refírense de forma enunciativa, non taxativa, no Anexo I. A subdirección dos servizos de seguridade e vixilancia terá encomendado o desempeño das funcións referidas de forma enunciativa, non taxativa, no Anexo II.

As funcións serán desenvolvidas nos campus universitarios de Santiago de Compostela e Lugo.

As funcións a desempeñar polos postos ofertados esixe que a súa contratación sexa articulada en virtude dun contrato laboral indefinido.

Tendo en conta o exposto, o Comité Executivo da Fundación USC, en virtude da delegación de funcións acordada polo Padroado da Fundación en sesión ordinaria de 16 de maio de 2022, **ACORDA:**

ÚNICO.- Convocar o proceso selectivo para a cobertura dos seguintes postos de traballo: «un director ou directora do servizo de seguridade e vixilancia» e «un subdirector ou subdirectora do servizo de seguridade e vixilancia», para a súa contratación pola Fundación USC, M.P., mediante contrato laboral indefinido, que se rexerán polas seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

1. Normas xerais.

1.1. As presentes bases teñen por obxecto regular o proceso selectivo para a contratación laboral dos seguintes postos de traballo:

- Un director ou directora do servizo de seguridade e vixilancia.
- Un subdirector ou subdirectora do servizo de seguridade e vixilancia.

1.2. O sistema de selección será o de concurso de valoración de méritos.

1.3. O acordo do Comité Executivo da Fundación USC polo que se aproba a convocatoria e as presentes bases reguladoras, así como os actos derivados do proceso selectivo, serán obxecto de publicación na sección de emprego da páxina web da Fundación (<https://www.fundacionusc.gal/gl/fundacion/e-xestions/emprego>), debendo o devandito proceso selectivo garantir o cumprimento dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

1.4. Coa persoa seleccionada formalizarase un contrato laboral de carácter indefinido, con dependencia funcional da Xerencia da Fundación USC.

2. Requisitos das persoas aspirantes.

2.1. Requisitos xerais.

As persoas aspirantes deberán reunir na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manterse no momento da formalización do contrato, os seguintes requisitos xerais:

a) Ter nacionalidade española. Poderán participar en igualdade de condicións que os españois:

- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea.
- Calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar

os seus descendentes e os do seu cónxuxe, que vivan ao seu cargo menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- As persoas estranxeiras que non estando incluídas nos parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións dos postos ofertados. Para estes efectos, a persoa aspirante declara, ao facer a solicitude de participación, que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto e que non padece enfermidade física nin psíquica que lle impida realizar as ditas tarefas.

d) Os aspirantes estranxeiros deberán coñecer o castelán.

e) As persoas aspirantes deberán coñecer a lingua galega.

2.2. Requisitos específicos.

As persoas aspirantes deberán reunir na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manterse no momento da formalización do contrato, os requisitos específicos que, en función da praza ou das prazas ás que se presenten, se sinalan nos **Anexos I e II**.

3. Solicitudes.

3.1. O prazo de presentación das solicitudes será de dez (10) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria na devandita sección de emprego da web da Fundación USC.

3.2. As persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude segundo o **modelo de instancia** que consta no **Anexo III** das bases, que tamén estará dispoñible na sección de emprego da páxina web da Fundación USC. A súa presentación implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

As persoas interesadas na participación do proceso selectivo deberán enviar ao seguinte correo electrónico xestion.persoal@fundacionusc.gal toda a documentación necesaria, indicando no "ASUNTO" do correo a referencia á convocatoria (PS_08_0001_2025-FUNDACIÓN USC). Unha vez recibida e rexistrada a solicitude confirmarase a recepción da mesma mediante correo electrónico dirixido ao solicitante.

A documentación deberá presentarse nun único documento electrónico (arquivo comprimido, PDF único ou outro).

3.3. A solicitude presentarse acompañada da seguinte documentación:

- a) Instancia de solicitude debidamente cuberta (Anexo III) e asinada.

- b) Copia do documento nacional de identidade (DNI) ou pasaporte en vigor.
- c) Copia da titulación mínima ou habilitación mínima requirida nas bases da convocatoria.
- d) Acreditación do coñecemento do castelán para aspirantes estranxeiros.
- e) Certificado do coñecemento da lingua galega (Celga 3). As persoas aspirantes que non contén con esta acreditación, no suposto de ser seleccionadas, deberán obter o dito certificado do coñecemento da lingua galega (Celga 3) no prazo dun ano a contar desde a o día seguinte á data de formalización do contrato de traballo.
- f) Currículo vitae actualizado, no que conste a formación así como a experiencia profesional, de conformidade cos requisitos esixidos e as funcións sinaladas nos anexos para o posto convocado ao que se aspire.
- g) Acreditación da experiencia profesional. Xustificarase con informe de vida laboral, contratos de traballo e/ou certificado de empresa onde conste a categoría, funcións desenvoltas e os períodos nos que se prestaron servizos.
- h) Acreditación da formación. Xustificarase con copia dos diplomas dos cursos de formación e cualificación profesional.
- i) Documentación acreditativa doutros méritos alegados.

A documentación aportada deberá permitir a verificación do cumprimento dos requisitos xerais e dos específicos recollidos nos Anexos I e II das bases. A non acreditación do cumprimento destes requisitos será motivo de exclusión do proceso, agás o previsto neste apartado para o requisito relativo ao coñecemento da lingua galega.

3.4. Co fin de garantir a participación en condicións de igualdade, aquelas persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento indicarán na súa solicitude as necesidades de adaptacións específicas e o seu motivo. Esta circunstancia deberá ser acreditada documentalmentemente xunto coa solicitude, presentando copia orixinal ou compulsada da cualificación da discapacidade.

3.5. Durante o desenvolvemento do proceso, a comisión de valoración poderá realizar calquera comunicación ás persoas aspirantes por escrito ou telefonicamente, con base nos datos persoais indicados na solicitude. Para tales efectos, as persoas interesadas comprométense a manter actualizados os devanditos datos durante o proceso de selección, comunicando con suficiente antelación calquera variación dos mesmos.

3.6. A Fundación resérvase o dereito a realizar as xestións que considere oportunas para comprobar a veracidade e autenticidade da información e documentación xustificativa dos requisitos para concorrer ao proceso selectivo, e dos méritos alegados, podéndolle requirir ás persoas aspirantes en calquera momento do proceso, e en todo caso ás que resulten seleccionadas con carácter previo á formalización do contrato, a documentación orixinal ou copia compulsada da presentada para o seu cotexo.

3.7. A Fundación garantirá a confidencialidade de todos os datos derivados do proceso selectivo que afecten ás persoas aspirantes; así mesmo, garantirá a protección dos datos de carácter persoal, en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do

Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no que resulten de aplicación.

4. Comisión de valoración.

4.1. A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente:

- María Pilar Martínez García, funcionaria de carreira da escala técnica superior de administración da USC, secretaria da Fundación USC, M.P.

Vogais:

- Xosé Antonio Rubal López, director da Área de Infraestruturas da USC.
- Gumersindo Guinarte Cabada, profesor de Dereito Penal da USC.
- Vicente Manuel Aparicio Cañadas, director de seguridade, coordinación e operacións da Fundación Universidade da Coruña.

Secretaria:

- Marta Conde Vieites, xerenta adxunta Fundación USC, M.P.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o Comité Executivo designará aos suplentes.

4.2. Os membros da comisión de valoración deberán absterse de intervir, notificándoo ao presidente da mesma, cando concorran neles calquera das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran as devanditas circunstancias, a tenor do establecido no artigo 24 da mesma lei.

4.3. A comisión de valoración terá como funcións as de coordinar, executar e valorar o proceso de selección de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, transparencia e obxectividade. A comisión actuará con independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na apreciación da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto, tendo en conta a súa consideración de especial responsabilidade e confianza. Así mesmo, a comisión será a encargada de resolver todas as cuestións de interpretación que poidan xurdir na aplicación das presentes bases e no desenvolvemento do proceso selectivo. De ser o caso, a comisión poderá ser auxiliada e nomear a cantos asesores e especialistas considere oportuno para o axeitado desenvolvemento do proceso, que actuarán con voz pero sen voto para o auxilio á comisión na súa labor.

5. Admisión e chamamento das persoas aspirantes.

5.1. Rematado o prazo de presentación de instancias será publicada no portal de emprego da páxina web da Fundación (www.fundacionusc.gal) a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.

5.2. As persoas interesadas disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da relación provisoria, para corrixir o defecto que motivara a exclusión ou omisión da relación de admitidos. En todo caso, ao obxecto de evitar erros e posibilitar a súa corrección en tempo e forma, as persoas aspirantes comprobarán que non figuran recollidos na relación de excluídos e, ademais, que os seus nomes constan na correspondente relación de admitidos. As persoas solicitantes que dentro do prazo non corrixan a exclusión ou reclamen a omisión, xustificando o seu dereito a estar incluídas-na relación de admitidos, serán definitivamente excluídas.

5.3. Transcorrido o prazo para emendar a exclusión ou omisión farase pública a relación definitiva de persoas admitidas na páxina web da Fundación (www.fundacionusc.gal).

6. Desenvolvemento do proceso de selección.

6.1. O procedemento de selección será o concurso e desenvolverase en dúas fases: valoración de méritos e entrevista persoal.

6.2. Primeira fase: Valoración de méritos.

Esta fase será cualificada ata un máximo de 60 puntos desagregados da forma seguinte:

Experiencia profesional: valorarase a experiencia profesional demostrable en postos de traballo no sector da vixilancia e seguridade privada en institucións que contén con edificios e infraestruturas de similar natureza aos da Universidade de Santiago de Compostela (con riscos químicos, biolóxicos e radiolóxicos, edificios con Patrimonio Histórico abertos a visitantes, Residencias Universitarias, Centros de Investigación, Bibliotecas, etc.), unha organización que contempla 30.000 persoas e setecentos mil metros cadrados de superficie. Outorgaranse 0,35 puntos por mes completo traballado, ata un máximo de 40 puntos.

Non se puntuará neste apartado o tempo de experiencia profesional (10 anos) establecida como requisito específico de acceso nos Anexos I e II.

Formación complementaria: valorarase a formación complementaria relacionada con aspectos coma a seguridade en edificios públicos, armas e explosivos, resposta ante emerxencias, protección de autoridades en edificios públicos e universitarios, coordinación de equipos, defensa persoal, sistemas integrados de control, prevención de riscos laborais, seguridade en eventos e primeiros auxilios. Outorgarase ata un máximo 15 puntos, puntuando os cursos da forma seguinte:

- Cursos de aptitude recibidos: 0,02 puntos por hora.
- Cursos de asistencia recibidos: 0,01 puntos por hora.

Cando existan distintos niveis do mesmo curso, só se valorará o de maior nivel.

Outros méritos: valoraranse outro méritos relacionados coas funcións do posto: máximo de 5 puntos.

6.3. Segunda fase: entrevista individual.

Esta fase será cualificada ata un máximo de 40 puntos.

Co obxecto de poder estimar as mellores aptitudes e actitudes persoais, técnicas e de xestión das candidaturas en relación coas funcións e tarefas dos postos a desempeñar realizarase unha entrevista individual ás persoas aspirantes.

A comisión de valoración valorará os seguintes aspectos:

- Adecuación e previsión de adaptación das competencias persoais e profesionais coas características e funcións dos postos convocados.
- Habilidades para a resolución de conflitos e problemas.
- Habilidades de comunicación.
- Habilidades de planificación e organización.
- Proactividade e iniciativa.
- Toma de decisións.

Os aspectos anteriores serán obxecto de avaliación tomando como referencia a súa aplicación práctica no ámbito da vixilancia e seguridade dos edificios e infraestruturas de similar natureza aos da Universidade de Santiago de Compostela, en tanto que será neles nos que se desenvolverán as funcións de cada un dos postos ofertados.

A falta de presentación das persoas candidatas no día e hora establecida para a realización da segunda fase, ou o abandono no transcurso desta, implicará a súa exclusión automática e definitiva do proceso de selección – agás por causa de forza maior debidamente xustificada, que será libremente apreciada pola comisión de valoración –, sen que se xere dereito algún ao seu favor.

As persoas candidatas deberán presentarse provistos do DNI, ou documento acreditativo da súa identidade, en vigor. No suposto de atoparse en situación de renovación deses documentos, os aspirantes deberán aportar acreditación de estar en proceso da súa renovación.

Para a realización da segunda fase, a comisión de valoración poderá ser asistida, de ser o caso, polos asesores que se estime oportuno nomear.

6.4. O resultado final do proceso estará determinado pola suma das dúas fases.

7. Contratación.

A comisión de valoración elevará ao Comité Executivo proposta para a contratación pola Fundación USC da persoa candidata que obtivera a puntuación final máis alta, á cal se requirirá formalmente para a formalización do contrato.

Con carácter previo á formalización do contrato de traballo, a Fundación USC requirirá a achega dos documentos que se consideren necesarios para a dita formalización e os acreditativos dos requisitos e méritos alegados, que non foran entregados durante o proceso de selección.

A persoa proposta disporá dun prazo máximo de 20 días naturais, a contar desde o requirimento formal pola Fundación USC, para incorporarse ao posto de traballo.

No suposto de non formalizar o contrato, a Fundación USC poderá requirir para a súa formalización á persoa candidata que, superado o proceso selectivo, obtivera a segunda mellor puntuación. De concorrer as mesmas circunstancias, seguirase o mesmo procedemento co resto de persoas que superaron o proceso de selección.

En calquera caso, se non se presentan solicitudes, se ningunha das rexistradas cumpre os requisitos esixidos ou se se considera que ningunha das persoas candidatas resulta idónea para os postos, a convocatoria poderá declararse deserta.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O presidente do Comité Executivo da Fundación USC

Por delegación (acordo do Padroado de 16 de maio do 2022)

Javier Ferreira Fernández

Anexo I

Posto de director ou directora dos servizos de seguridade e vixilancia.

Requisitos específicos	- Estar en posesión dun título universitario oficial de grao no ámbito da seguridade que acredite a adquisición das competencias ou o título do curso de dirección de seguridade, recoñecido polo Ministerio do Interior. - Estar en posesión da habilitación profesional para o exercicio das funcións de seguridade privada ao abeiro da Lei 5/2014, de 4 de abril, de Seguridade Privada. - Requírese acreditar unha experiencia mínima de 10 anos en servizos de vixilancia e seguridade privada en institucións que contén con edificios e infraestruturas de similar natureza aos da Universidade de Santiago de Compostela (con riscos químicos, biolóxicos e radiolóxicos, edificios con Patrimonio Histórico abertos a visitantes, Residencias Universitarias, Centros de Investigación, Bibliotecas, etc.), e unha organización que contempla 30.000 persoas e setecentos mil metros cadrados de superficie. - Estar en posesión do permiso de conducir B1.
Tipo de contrato	Indefinido
Xornada	Xornada completa, en réxime de dedicación especial e total dispoñibilidade.
Retribucións	Retribución bruta anual: 45.000 euros.
Funcións	As funcións que a continuación se describen aplicaranse aos servizos de seguridade e vixilancia que a Universidade de Santiago de Compostela encarga á Fundación USC. 1. Dirixir os servizos de seguridade e vixilancia que a Universidade de Santiago de Compostela encargue. 2. Garantir o cumprimento dos protocolos e normativa en materia de seguridade e vixilancia. 3. Avaliar os recursos e infraestruturas, especialmente, no que respecta á seguridade e vixilancia dos edificios e dos campus universitarios. 4. Participar na elaboración de plans e programas de actuacións preventivas e de seguridade. 5. Soporte e asistencia aos eventos para coordinar e supervisar os aspectos relacionados coa seguridade e a vixilancia. 6. Identificar, analizar e avaliar as situacións de risco que poidan afectar á vida e integridade das persoas e ao patrimonio da Institución no ámbito dos edificios e espazos propios ou xestionados pola universidade. 7. Supervisar a planificación, organización e control das actuacións e das medidas que se implanten para previr, protexer e reducir riscos de seguridade nos campus universitarios.

	8. Supervisar a elaboración e desenvolvemento dos plans de seguridade dos edificios e instalacións da universidade. 9. Supervisión dos operativos de vixilancia dos campus universitarios. 10. Realizar tarefas de coordinación cos responsables da Universidade de Santiago en materia de seguridade e vixilancia. 11. Participar en reunións de coordinación e seguimento co persoal que determine a universidade. 12. Colaborar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado na aplicación da lexislación vixente en materia de seguridade e vixilancia, en coordinación cos responsables de seguridade e vixilancia da universidade. 13. Realizar un seguimento de incidencias ata o seu peche. 14. Realizar informes sobre o nivel de seguridade e incidencias. 15. Dirixir de forma directa o persoal asignado á súa área. 16. Realización de tarefas e funcións, que participando da natureza do posto de traballo, lle poidan ser atribuídas pola xerencia da Fundación USC. 17. Asesorar en materia de Seguridade e Vixilancia.
--	---

Anexo II

Posto de subdirector ou subdirectora dos servizos de seguridade e vixilancia.

Requisitos específicos	- Estar en posesión dun título universitario oficial de grao no ámbito da seguridade que acredite a adquisición das competencias ou o título do curso de dirección de seguridade, recoñecido polo Ministerio do Interior. - Estar en posesión da habilitación profesional para o exercicio das funcións de seguridade privada ao abeiro da Lei 5/2014, de 4 de abril, de Seguridade Privada. - Requírese acreditar unha experiencia mínima de 10 anos en servizos de vixilancia e seguridade privada en institucións que contén con edificios e infraestruturas de similar natureza aos da Universidade de Santiago de Compostela (con riscos químicos, biolóxicos e radiolóxicos, edificios con Patrimonio Histórico abertos a visitantes, Residencias Universitarias, Centros de Investigación, Bibliotecas, etc.), e unha organización que contempla 30.000 persoas e setecentos mil metros cadrados de superficie. - Estar en posesión do permiso de conducir B1.
Tipo de contrato	Indefinido
Xornada	Xornada completa, en réxime de dedicación especial e total dispoñibilidade.
Retribucións	Retribución bruta anual: 40.000 euros.
Funcións	As funcións que a continuación se describen aplicaranse aos servizos de seguridade e vixilancia que a Universidade de Santiago de Compostela encarga á Fundación USC. 1. Realizar aquelas tarefas que lle sexan encomendadas polo director/a dos servizos de seguridade e vixilancia ou a xerencia da Fundación USC no ámbito dos servizos de seguridade e vixilancia encargados á Fundación. 2. Colaborar na planificación e deseño dos sistemas de Protección Contra Incendios (PCI), intrusión, control de accesos e videovixilancia nos edificios e Campus da USC. 3. Asistir á dirección facultativa na concepción e seguimento das obras de ampliación e reforma das dotacións universitarias na instalación ou modificación dos sistemas de Protección Contra Incendios (PCI), intrusión, control de accesos e videovixilancia. 4. Colaborar cos servizos universitarios na planificación e seguimento das actividades de operación e mantemento dos sistemas de Protección Contra Incendios (PCI), intrusión, control de accesos e videovixilancia e no control do inventario de instalacións. 5. Redactar os informes que se lle soliciten no ámbito da súa competencia.

	6. Asesorar en materia de vixilancia, seguridade e sistemas e realizar as propostas sobre as actuacións necesarias. 7. Dar soporte á xestión da vixilancia e seguridade de eventos e actos organizados pola/na Universidade de Santiago de Compostela. 8. Realizar as funcións relativas ao director ou subdirectora do servizo de seguridade e vixilancia en caso de ausencia deste.
--	---